



AREA DE CULTURA, DEPORTE E COÑECEMENTO
Servizo de Deportes

Asunto. BASES DA CONVOCATORIA DE RENOVACION E NOVAS MATRICULAS DAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS. (CURSO 2019-2020).

DECRETO

Visto o informe proposta que consta no expediente de referencia, e sobre a competencia que me confire a legalidade vixente

RESOLVIN

Único. Aprobar as bases da convocatoria de renovación e novas matriculas nas Escolas Municipais Deportivas para o curso 2019-2020; as cales achéganse como anexo ao presente decreto.

A Coruña, a data da sinatura deste documento.

O Alcalde pd (D.28.06.17, BOP 13.07.17)

O Concelleiro Delegado de Cultura,
Deporte e Coñecemento

Asdo. José Manuel Sande García.



AREA DE CULTURA, DEPORTE E COÑECEMENTO
Servizo de Deportes

Asunto. BASES DA CONVOCATORIA DE RENOVACION E NOVAS MATRICULAS DAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS. (CURSO 2019-2020).

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE RENOVACIÓN E NOVAS MATRÍCULAS DAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA O CURSO 2019-2020

Bases da convocatoria de renovación e novas matrículas das Escolas Deportivas Municipais (en diante EDM) do Servizo Municipal de Deportes (en diante SMD), redactadas segundo a normativa de uso das instalacións deportivas, EDM e outras actividades (aprobada pola Xunta de Goberno Local o 20 de xullo de 2007).

I. OBXECTO

Constitúe o obxecto destas bases a matrícula nas EDM; tanto que se trate da renovación do alumnado asistente durante o curso anterior como das vacantes que se produzan ou de novas modalidades a impartir durante o vindeiro curso.

Todalas datas que se indicarán nas seguintes bases teñen carácter informativo pero non son vinculantes, de xeito que, si acontecese algún imprevisto en algunha das fases do procedemento, o Servizo Municipal de Deportes pode cambialas motivadamente sin necesidade de modificar as presentes bases; sempre e cando que se respeten os prazos previstos para cada trámite e previa publicación na páxina web : www.coruna.gal/deportes.

II. RENOVACIÓN

- 1) A convocatoria vai dirixida a todo o alumnado matriculado nas EDM** (xestionadas indirectamente polas concesionarias do servizo de actividades físicas e deportivas municipais, do Complexo Deportivo Municipal de San Diego e da Piscina Municipal de San Amaro) que desexe renovar para o curso 2019-2020.

Só poderá renovar aquel alumnado cun mínimo de asistencia do **60%** respecto da totalidade de días lectivos. A tal efecto, a todo o alumnado que poida renovar entregaráselle a correspondente folla de inscrición polo profesorado no horario de clase; e o alumnado que non poida recollelo na clase deberá solicitalo nas oficinas de Coordinación das EDM, dentro da xornada laboral das concesionarias do servizo arriba indicadas.



AREA DE CULTURA, DEPORTE E COÑECEMENTO
Servizo de Deportes

Asunto. BASES DA CONVOCATORIA DE RENOVACION E NOVAS MATRICULAS DAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS. (CURSO 2019-2020).

Sen prexuízo do anterior, aquelas persoas que non reciban a folla de inscrición por non chegar ao mínimo de asistencia, disporán dun prazo **desde o 13 ata o 31 de maio** para presentación de alegacións e xustificacións que acrediten que as ausencias tiveron lugar por causas de forza maior ou estado de necesidade. Neste punto aclárase que non terán esta condición as ausencias por enfermidade preexistente á data de matriculación no curso anterior e/ou enfermidade crónica.

En todo caso, a persoa á que non se lle permita renovar poderá solicitar praza no mes de setembro na convocatoria xeral de novas matrículas.

- 2) **Lugar e datas de matrícula para a renovación:** As renovacións de matrícula nas EDM impartidas en San Diego e San Amaro faranse nos devanditos centros dentro do horario de atención ao público destes; e as do resto das EDM realizaranse nas oficinas administrativas do SMD (sitas na Cidade Deportiva da Torre, Polideportivo do Barrio das Flores e Palacio dos Deportes de Riazor), segundo o horario de rexistro e atención ao público do concello (de 08:00 a 14:00) nas seguintes datas:

Menores de 18 anos: **do 13 ao 20 de maio**; exceptúase o alumnado correspondente á Piscina de San Amaro que renovará do 14 ao 25 de maio.

De 18 a 64 anos: **do 21 ao 31 de maio**.

Maiores de 65 anos: **do 21 ao 31 de maio**.

Cambio de grupo por idade: **do 7 ao 11 de xuño**; coas excepcións indicadas no apartado 4.

Matrículas das persoas cuxas alegacións sexan estimadas: **3 e 4 de xuño**.

Entenderase que a persoa que non presente a solicitude de renovación nas datas indicadas renuncia á mesma. Porén, autorizarase a renovación extemporánea das persoas que acrediten causa de forza maior ou estado de necesidade dentro dos 15 días hábiles seguintes ao cese da mesma; e, en todo caso, antes de que comece a preinscrición das novas matrículas.



AREA DE CULTURA, DEPORTE E COÑECEMENTO
Servizo de Deportes

Asunto. BASES DA CONVOCATORIA DE RENOVACION E NOVAS MATRICULAS DAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS. (CURSO 2019-2020).

- 3) **A renovación realizarase no horario e grupo no que estea inscrito o alumnado.** En consecuencia, todo o alumnado renovará na súa mesma praza.
- 4) **Cambio de grupo por idade:** Sempre que se reúnan todos os requisitos establecidos, permitirase a continuación na mesma modalidade deportiva de EDM ao alumnado que por idade deba cambiar de grupo, a condición de que sexa posible polo número de prazas existentes. En razón a iso, exceptúanse os grupos correspondentes a:

Alumnado de Natación de 9 a 11 anos, con cambio a Natación de 12 a 17 anos.

Alumnado de Natación de 18 a 64 anos, con cambio a Natación de +65 anos.

Alumnado de Mantemento de 18 a 64 anos, con cambio a Mantemento +65 anos.

O impreso de solicitude será entregado polo profesorado dentro do horario de clase; e o alumnado que non poida recollelo na clase deberá solicitalo na oficina de Coordinación das EDM, dentro da xornada laboral da concesionaria do servizo. As solicitudes presentaranse nas Oficinas de Rexistro do SMD (sitas na Cidade Deportiva da Torre, Polideportivo do Barrio das Flores e Palacio dos Deportes de Riazor), **do 13 ao 20 de maio**.

Estes cambios autorizaranse nos supostos en que iso sexa posible por razón de cocientes, niveis, dispoñibilidade de prazas, etc. (art. 21.8 normativa de uso das instalacións deportivas, EDM e outras actividades).

Nos supostos en que o número de prazas ofertadas sexa menor das demandadas, para a **orde de preferencia** teranse en conta primeiro as persoas empadroadas no Concello da Coruña e, se aínda así resultase necesario, realizarase un sorteo público (conforme o procedemento establecido no apartado IV.5) das presentes bases), para cada unha das escolas deportivas, na oficina administrativa do Palacio dos Deportes de Riazor **ás 10:00 h do día 5 de xuño**.



AREA DE CULTURA, DEPORTE E COÑECEMENTO
Servizo de Deportes

Asunto. BASES DA CONVOCATORIA DE RENOVACION E NOVAS MATRICULAS DAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS. (CURSO 2019-2020).

As listaxes publicaranse o día **6 de xuño** na páxina web, nos taboleiros de anuncios das instalacións deportivas e no teléfono de atención cidadá 010.

As matrículas formalizaranse **do 7 ao 11 de xuño** nas Oficinas do SMD (sitas na Cidade Deportiva da Torre, Polideportivo do Barrio das Flores e Palacio dos Deportes de Riazor).

5) Cambios de horario e/ou instalación deportiva:

- Os cambios de hora por motivos de conciliación familiar, laboral ou de estudos autorizaranse naqueles casos nos que se solicite con xustificación documental suficiente. As solicitudes presentaranse **do 13 ao 31 de maio** nos devanditos rexistros do Servizo de Deportes. Os cambios das persoas cuxas alegacións sexan estimadas realizaranse **os días 12 e 13 de xuño**.
- Os cambios de horario que non estean comprendidos no parágrafo anterior, os cambios de instalación deportiva dentro da mesma modalidade deportiva e os cambios de modalidade deportiva só se autorizarán cando se obteña unha nova praza no horario e/ou instalación ou modalidade aos que se pretenda cambiar. Para iso, debe solicitarse na convocatoria de “novas matrículas” esa praza e, de se conseguir, no momento de formalizar a matriculación farase dito cambio. As taxas de matrícula compensaranse sempre e cando o cambio se faga efectivo antes do comezo do curso na actividade de orixe e proceda segundo a normativa vixente.

III. NOVAS MATRÍCULAS

- 1) **Datas de presentación de solicitudes de preinscrición:** das 00.00 h do 2 de setembro ás 13.30 h do 9 de setembro.
- 2) **Lugar de presentación de solicitudes de preinscrición:** as solicitudes presentaranse en liña na páxina web www.coruna.gal/deportes; iso non obstante, cando a persoa non dispoña dos medios necesarios para facer a solicitude telemática, poderá acudir de xeito presencial ás oficinas do SMD situadas na Cidade Deportiva da Torre, Palacio de Deportes de Riazor e Polideportivo do Barrio das Flores, no horario do rexistro e atención ao público do concello (de 08:00 a 13:30h).



AREA DE CULTURA, DEPORTE E COÑECEMENTO
Servizo de Deportes

Asunto. BASES DA CONVOCATORIA DE RENOVACION E NOVAS MATRICULAS DAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS. (CURSO 2019-2020).

As solicitudes de preinscripción en EDM impartidas nas instalacións de San Amaro e San Diego deberanse formalizar nos devanditos centros e no horario de atención ao público establecido nos mesmos.

- 3) **Número de cursos por persoa:** Cada persoa poderá solicitar un máximo de dous cursos, pero só poderá matricularse nun único curso. Se alguén solicitase máis de dous cursos só se terán en conta as dúas primeiras solicitudes rexistradas por esa persoa.

Iso non obstante, se unha vez rematada a convocatoria houberse prazas vacantes, poderá realizarse a matrícula nos cursos que estean dispoñibles.

- 4) **Listaxes provisionais:** O día 11 de setembro publicaranse as listaxes de solicitantes para a súa comprobación e corrección se fose necesario.
- 5) **Prazo e lugar de presentación de alegacións:** os días 12 e 13 de setembro nas oficinas do SMD (sitas na Cidade Deportiva da Torre, Polideportivo do Barrio das Flores e Palacio dos Deportes de Riazor), en horario de 08.00 a 13:30h.
- 6) **Orde de preferencia:** Nos supostos en que o número de prazas ofertadas sexa menor das demandadas, para a orde de preferencia teranse en conta primeiro as persoas empadroadas no Concello da Coruña e, se aínda así resultase necesario, realizarase un sorteo público (para cada unha das escolas deportivas) na oficina administrativa do Palacio dos Deportes de Riazor ás 10:00 horas do día 16 de setembro, conforme o procedemento establecido no apartado IV.5) das presentes bases.
- 7) **As listaxes definitivas** publicaranse o día 17 de setembro.
- 8) **Prazo e lugares de matrícula** para todo o alumnado: Realizarase do 18 ao 24 de setembro. Nos días 18 e 19 soio se podrá matricular nas oficinas do SMD sitas no Palacio dos Deportes de Riazor de 08:00 a 14:00h, e no resto dos días poderá facerse indistintamente nas oficinas da Torre, Barrio de Las Flores ou Riazor. No caso de que se trate de escolas impartidas nas instalacións de San Amaro e San Diego deberanse realizar exclusivamente nos devanditos centros e no horario de atención ao público establecido nos mesmos.

Haberá un **único chamamento de matrícula** para inscribirse nas EDM. Só poderán matricularse as persoas ás que lles correspondese praza e **non haberá chamamentos posteriores**.



AREA DE CULTURA, DEPORTE E COÑECEMENTO
Servizo de Deportes

Asunto. BASES DA CONVOCATORIA DE RENOVACION E NOVAS MATRICULAS DAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS. (CURSO 2019-2020).

Rematado o prazo de matrícula e no suposto de quedar prazas vacantes, publicaranse o día 25 de setembro na páxina web www.coruna.gal/deportes, nos taboleiros de anuncios das instalacións deportivas e no teléfono de atención cidadá 010, e abrirase un prazo de 5 días hábiles do 26 de setembro ao 2 de outubro no que se poderá matricular calquera persoa preinscrida na actividade. Estas matriculacións efectuaranse por rigorosa orde de chegada ás oficinas do SMD (sitas na Cidade Deportiva da Torre, Polideportivo do Barrio das Flores e Palacio dos Deportes de Riazor).

A partir do 2 de outubro e ata o último venres de marzo, todos os venres a partir das 14:00h publicaranse na páxina web www.coruna.gal/deportes, nos taboleiros de anuncios das instalacións deportivas e no teléfono de atención cidadá 010 as prazas que aínda quedasen vacantes, e as matrícula permanecerán abertas ata as 14:00h do venres seguinte á última publicación. Así mesmo, na devandita páxina web indicárase o xeito de proceder, en data e forma, con estas matrículas.

Exceptúanse de punto anterior as EDM para menores de 18 anos, nas que por motivos didácticos e pedagóxicos só permanecerán abertas as matrículas ata o 30 de decembro, salvo que polo baixo índice de matriculación e sempre apoiado por informes favorables do SMD, se decida – excepcionalmente- permitir a matriculación nun período posterior.

IV. NORMAS COMÚNS

- 1) Idade: A efectos de renovación e para a inscrición nos grupos considérase a **idade referida a data 31 de decembro de 2019**.
- 2) Todas as EDM adaptaranse ao calendario oficial escolar publicado pola Xunta de Galicia; en todo caso, o curso comezará o primeiro día hábil de outubro e rematará o último día hábil de xuño.
- 3) A admisión na EDM de Recuperación Funcional deberá ser informada favorablemente, previa valoración funcional, polo fisioterapeuta municipal ou, de ser o caso, por un profesional competente designado polo Servizo de Deportes. O procedemento será o seguinte:



AREA DE CULTURA, DEPORTE E COÑECEMENTO
Servizo de Deportes

Asunto. BASES DA CONVOCATORIA DE RENOVACION E NOVAS MATRICULAS DAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS. (CURSO 2019-2020).

- a) Presentarase unha solicitude nos rexistros do SMD (sitos na Cidade Deportiva da Torre, Polideportivo do Barrio das Flores e Palacio dos Deportes de Riazor).
 - b) A persoa presentarse para ser valorada no lugar, día e hora que se lle indique polo Servizo de Deportes, e deberá levar consigo o diagnóstico clínico e outros datos e/ou informes que considere de interese.
- 4) Para poder matricularse nas EDM de **natación** nos grupos de idade 9-11, 12-17 e 18-64 é preciso saber nadar 25 m. sen tocar fondo nin suxeitarse a medios auxiliares fixos ou móbiles.
- 5) **Sorteo público:** Nos supostos en que despois de aplicar o criterio de preferencia do empadramento aínda existan máis solicitudes que prazas vacantes, celebrarase un sorteo público conforme ao procedemento que a continuación se describe:
- Unha vez presentadas todas as solicitudes confeccionarase unha listaxe por orde cronolóxica ascendente de hora, minuto e segundo e asignaráselle a cada unha delas un número en función desa orde.
 - Se unha mesma persoa solicita dúas actividades, a cada unha delas corresponderalle un número tendo en conta a orde numérica dos códigos que aparecen no formulario de solicitude.
 - No suposto de que existan dúas ou máis solicitudes presentadas no mesmo momento asignaráselles o número tendo en conta a orde alfabética (tamén ascendente) dos apelidos.

As listaxes publicaranse en orde numérica e alfabética (ambas ascendentes), a fin de que cada persoa poida coñecer o número que lle corresponde a cadansúa solicitude.

Para establecer a orde de adxudicación sacarase un número para cada modalidade deportiva, empregando a páxina *web* <https://echaloasuerte.com/draw/new/number/> ou a través do procedemento de insaculación, retirando un número para as unidades, outro para as decenas, outro para as centenas e outro para as unidades de millar. A partir da determinación da primeira persoa chamada, as seguintes faranse seguindo a devandita orde numérica.



AREA DE CULTURA, DEPORTE E COÑECEMENTO
Servizo de Deportes

Asunto. BASES DA CONVOCATORIA DE RENOVACION E NOVAS MATRICULAS DAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS. (CURSO 2019-2020).

- 6) O SMD por motivos técnicos, pedagóxicos, organizativos ou outras circunstancias concorrentes, resérvase a facultade de re-axustar os grupos e -se fose necesario- deixalos sen efecto.
- 7) Non se poderán ocupar dúas prazas na mesma modalidade deportiva, salvo naqueles casos que sexan autorizados, previa valoración funcional realizada polo fisioterapeuta municipal ou, de ser o caso, por un profesional competente designado polo Servizo de Deportes. Esta prohibición non se aplicará naquelas matrículas feitas a partir do 8 de outubro.
- 8) Farase un control do uso responsable das EDM, segundo as normas de uso das instalacións deportivas municipais, EDM e outras actividades aprobadas pola Xunta do Goberno Local do 20 de xullo de 2007.
- 9) **Documentación** que debe acompañarse tanto á solicitude de renovación como á nova matrícula:
 - a) **Folla de matrícula** cuberta, segundo modelo normalizado que se facilitará polo SMD nos lugares habilitados para a súa presentación.
 - b) Menores de 14 anos: Fotocopia do DNI (de non telo, do Libro de Familia) e do DNI do pai/nai.
 - c) A partir de 14 anos e ata os 18: Fotocopia do DNI e do DNI do pai/nai.
 - d) Alumnado suxeito a tutela, con independencia da idade: fotocopia do DNI, se o tivese e, ademais, do documento legal que a acredite e do D.N.I. do titor/a.
 - e) De acordo co disposto no artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non se requirirán aos interesados datos ou documentos que fosen achegados anteriormente polo interesado a calquera Administración. A estes efectos, o interesado deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos, debendo as Administracións Públicas solicialos electronicamente a través das súas redes corporativas ou dunha consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto. Presumirase que esta consulta é autorizada polos interesados, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa ou a lei



AREA DE CULTURA, DEPORTE E COÑECEMENTO
Servizo de Deportes

Asunto. BASES DA CONVOCATORIA DE RENOVACION E NOVAS MATRICULAS DAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS. (CURSO 2019-2020).

especial aplicable requira consentimento expreso, debendo, en ambos os casos, ser informados previamente dos seus dereitos en materia de protección de datos de carácter persoal. Excepcionalmente, se as Administracións Públicas non puidesen solicitar os citados documentos, poderán solicitar novamente ao interesado a súa achega.

10) As persoas con discapacidade poderán solicitar praza nunha Escola Deportiva Municipal, tendo en conta o seguinte:

- No formulario de inscrición indícarase tipo e grao de discapacidade, e se a persoa é dependente ou non. As persoas dependentes que para a súa normalización precisen calquera adaptación ou seguimento, deberán indicalo na solicitude.
- En todo caso optarán á praza nas mesmas condicións que o resto de solicitantes.
- O SMD fará unha reserva do 10% de prazas para persoas dependentes. A solicitude será tramitada conxuntamente polo Centro Municipal de Fisioterapia e a sección de actividades e dinamización, que disporá a escola deportiva atendendo aos criterios de valoración funcional para a realización da actividade deportiva e adecuación da escola.

11) O alumnado e, no seu caso, quen ostente a súa garda e custodia ou a súa tutela, **deberá facer unha declaración responsable de que non padece ningunha enfermidade que lle incapacite para a práctica da actividade deportiva.** De incorrer en falsidade, a persoa será dada baixa de oficio sen dereito a devolución das taxas aboadas.

Se padece algún tipo de discapacidade ou existe calquera dato relevante que poida incidir na práctica deportiva deberá achegar informe médico dirixido ao SMD no momento da súa matrícula.

No suposto de concorrer algún indicio de que a persoa poida atoparse nalgunha destas circunstancias, o SMD poderá requirirle expresamente a achega de certificado médico ou documento equivalente.

12) O Concello dispón dun servizo gratuíto de asistencia médica e hospitalaria, ata un máximo de 180 días, para o alumnado das escolas deportivas que sufran accidentes durante a clase e como consecuencia de levar a cabo a actividade proposta polo técnico responsable da mesma. En ningún caso a prestación deste servizo suporá recoñecemento de responsabilidade



AREA DE CULTURA, DEPORTE E COÑECEMENTO
Servizo de Deportes

Asunto. BASES DA CONVOCATORIA DE RENOVACION E NOVAS MATRICULAS DAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS. (CURSO 2019-2020).

municipal sobre a lesión sufrida; senón que o mesmo debe incardinarse na vontade desta administración de implantar unha practica deportiva segura e de calidade, que teña activado en todo momento un protocolo que garanta unha atención, inmediata e a curto prazo, da persoa lesionada con servizos especializados en medicina deportiva.

- 13) A persoa solicitante e, no seu caso, quen ostente a súa garda e custodia ou tutela, declarará baixo a súa responsabilidade que son certos os datos facilitados. No caso do que o SMD detecte falsidade nos devanditos datos, a persoa causará baixa sen dereito á devolución das taxas aboadas.
- 14) Serán de aplicación as normas de uso das Instalacións Deportivas Municipais, EDM e outras actividades aprobadas pola Xunta do Goberno Local do 20 de xullo de 2007.
- 15) O SMD resérvase a facultade de interpretar e valorar as circunstancias concorrentes en cada caso.
- 16) De conformidade co establecido no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999 os datos de carácter persoal declarados pasarán a formar parte do ficheiro denominado INSTALACIÓNS DEPORTIVAS, do que será responsable do tratamento o Concello da Coruña (e, no seu caso SIDECU GESTIÓN, S.A. e CLUB DEL MAR DE SAN AMARO, concesionarias –respectivamente- do CDM San Diego e da piscina municipal de San Amaro), e cuxas finalidades e usos previstos serán os seguintes: xestión centralizada das instalacións deportivas municipais, das actividades impartidas nas mesmas e do uso de instalacións. Coa sinatura da solicitude autorízase a tomar imaxes das actividades que se realicen nas Escolas Deportivas sempre que se utilicen para a promoción e difusión de devanditas actividades. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais rexistrados neste ficheiro poderanse exercer, segundo os supostos, ante o Rexistro Xeral do Concello da Coruña (Praza de María Pita, 1), SIDECU GESTIÓN, S.A. (Parque de San Diego, S/N) e CLUB DEL MAR DE SAN AMARO (Paseo do Club do Mar S/N) nos termos establecidos nos artigos 15, 16 e 17 da devandita Lei Orgánica.
- 17) As listaxes de solicitantes dos cursos ofertados, as listaxes definitivas e o uso de instalacións publicaranse na páxina web municipal www.coruna.gal/deportes. Así mesmo, calquera outra notificación relativa ás EDM do presente curso como vacacións, renovacións, suspensión de clases e outras necesidades do Servizo farase a través dos taboleiros de



AREA DE CULTURA, DEPORTE E COÑECEMENTO
Servizo de Deportes

Asunto. BASES DA CONVOCATORIA DE RENOVACION E NOVAS MATRICULAS DAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS. (CURSO 2019-2020).

anuncios das instalacións deportivas municipais, na devandita páxina web e no teléfono de información cidadá 010.

- 18) Coa presentación da solicitude entenderase que o alumnado inscrito e, no seu caso, o seu pai/nai ou titor/a autoriza a utilización do móbil e correo electrónico como forma de aviso e comunicación por parte do SMD.
- 19) Para os diferentes trámites administrativos comprendidos na presente convocatoria deberá empregarse o modelo normalizado de solicitude de renovación, cambio de grupo por idade e nova matrícula que estará a disposición dos interesados; así como pagar a taxa que corresponda segundo o previsto na Ordenanza Fiscal nº15.

.....

ANEXO



AREA DE CULTURA, DEPORTE E COÑECEMENTO
Servizo de Deportes

Asunto. BASES DA CONVOCATORIA DE RENOVACION E NOVAS MATRICULAS DAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS. (CURSO 2019-2020).

MATRÍCULA POR RENOVACIÓN. ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

Apellido 1		Apellido 2			Nome
D.N.I.	Data de nacemento		Correo electrónico		
Municipio	Rúa	Nº	Andar	Letra	
Código Postal		Teléfono 1	Teléfono 2		
Indique se padece discapacidade: tipo _____ grao: ____ dependente: si ou non (tache o que non corresponda)					
Nome e apelidos titor/a				D.N.I.	

Solicito matrícula por renovación na Escola Deportiva Municipal (EDM):

EDM:
Grupo (horario):

E DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- ✓ Que son certos os datos facilitados.
- ✓ Que non padezo ningunha enfermidade que me incapacite para a práctica da devandita actividade deportiva (**Nota: O Servizo Municipal de Deportes resérvase a facultade de requirir certificado médico de idoneidade do alumnado, nos casos que considere oportuno**).
- ✓ Que coñezo e acepto todas e cada unha das condicións da convocatoria publicada na páxina *web* municipal na data de sinatura do presente documento.
- ✓ **Que sei nadar 25m. sen tocar fondo nin suxeitarme** a medios auxiliares fixos ou móbiles (para a matrícula nas EDM de Natación desde os 9 ata os 64 anos, ambos inclusive).

A Coruña, _____ de _____ de _____.

Sinatura da persoa solicitante e, no caso de menores de idade ou persoas tuteladas, do pai/nai ou titor/a arriba indicado/a.



AREA DE CULTURA, DEPORTE E COÑECEMENTO
Servizo de Deportes

Asunto. BASES DA CONVOCATORIA DE RENOVACION E NOVAS MATRICULAS DAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS. (CURSO 2019-2020).

SOLICITUDE DE CAMBIO DE GRUPO POR IDADE - ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

Apelido 1		Apelido 2			Nome
D.N.I.	Data de nacemento		Correo electrónico		
Municipio	Rúa	Nº	Andar	Letra	
Código Postal	Teléfono 1		Teléfono 2		
Indique se padece discapacidade: tipo _____ grao: ____ dependente: si ou non (tache o que non corresponda)					
Nome e apelidos titor/a				D.N.I.	

Por cumprir a idade que excede do grupo (do curso 2018/19) EDM de procedencia:

Solicito cambio de grupo na Escola Deportiva Municipal (EDM):

EDM:

E DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- ✓ Que son certos os datos facilitados.
- ✓ Que non padezo ningunha enfermidade que me incapacite para a práctica da devandita actividade deportiva (**Nota: O Servizo Municipal de Deportes resérvase a facultade de requirir certificado médico de idoneidade do alumnado, nos casos que considere oportuno**).
- ✓ Que coñezo e acepto todas e cada unha das condicións da convocatoria publicada na páxina *web* municipal na data de sinatura do presente documento.
- ✓ **Que sei nadar 25m. sen tocar fondo nin suxeitarme** a medios auxiliares fixos ou móbiles (para a matrícula nas EDM de Natación desde os 9 ata os 64 anos, ambos inclusive).

A Coruña, ____ de _____ de _____.

Sinatura da persoa solicitante e, no caso de menores de idade ou persoas tuteladas, do pai/nai ou titor/a arriba indicado/a.



AREA DE CULTURA, DEPORTE E COÑECEMENTO
Servizo de Deportes

Asunto. BASES DA CONVOCATORIA DE RENOVACION E NOVAS MATRICULAS DAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS. (CURSO 2019-2020).

MATRÍCULA DE NOVA INSCRIPCIÓN EN ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

Apelido 1		Apelido 2			Nome	
D.N.I.	Data de nacemento		Correo electrónico			
Municipio	Rúa		Nº	Andar	Letra	
Código Postal		Teléfono 1		Teléfono 2		
Indique se padece discapacidade: tipo _____ grao: _____ dependente: si ou non (tache o que non corresponda)						
Nome e apelidos titor/a				D.N.I.		
Empadroadado en (indicar concello)			Está matriculado noutra EDM: (en caso afirmativo indique cal)			

Solicito matrícula na Escola Deportiva Municipal (EDM):

EDM:
Grupo (horario):

E DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- ✓ Que son certos os datos facilitados.
- ✓ Que non padezo ningunha enfermidade que me incapacite para a práctica da devandita actividade deportiva (**Nota: O Servizo Municipal de Deportes resérvase a facultade de requirir certificado médico de idoneidade do alumnado, nos casos que considere oportuno**).
- ✓ Que coñezo e acepto todas e cada unha das condicións da convocatoria publicada na páxina web municipal na data de sinatura do presente documento.
- ✓ **Que sei nadar 25m. sen tocar fondo nin suxeitarme** a medios auxiliares fixos ou móbiles (para a matrícula nas EDM de Natación desde os 9 ata os 64 anos, ambos inclusive).

A Coruña, _____ de _____ de _____.

Sinatura da persoa solicitante e, no caso de menores de idade ou persoas tuteladas, do pai/ nai ou titor/a arriba indicado/a.